



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Animación e xestión sociocultural		Código	652G03017
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es	
Profesorado	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A profesionalización do/a educador/a social ten na animación e na acción sociocultural un ámbito ben determinado pola teoría así como pola praxe profesional. Na presente materia, preténdese poñer a disposición do alumnado, referentes tanto teóricos como prácticos que redunden nunha formación sólida e diversificada neste aspecto. Orixe de conceptos chave, ámbitos máis característicos, deseño, execución e avaliación dun proxecto de animación sociocultural, axentes culturais e labor en diferentes ámbitos son algúns dos contidos a abordar.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A15	Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os supostos básicos e a terminoloxía afín da Animación Sociocultural	A2		
Adquirir e desenvolver capacidades de análise, reflexión, programación e acción sociocultural nas comunidades	A6	B1	C4
	A9	B2	
	A10		
Observar e interpretar procesos de mediación cultural	A11		
Desenvolver as habilidades comunicativas para interactuar con diversas audiencias	A20	B6	
Elaborar e xestionar medios para a intervención sociocultural	A15		

Contidos



Temas	Subtemas
1. A Animación Sociocultural: xénese e evolución	1.1 Aparición do termo e evolución histórica 1.2 Análise conceptual 1.3 Conceptos afíns: xestión cultural e desenvolvemento comunitario
2. Ámbitos de intervención da ASC	2.1 Diversas perspectivas segundo os referentes teóricos 2.2 Económico, Educativo, Social e Cultural.
Deseño dun proxecto de ASC	3.1 Fases de elaboración 3.2 Metodoloxías e dinámicas de implicación social 3.3 O rol do/a animador/a sociocultural: o seu exercizo profesional
4. A Axenda 21 da Cultura	4.1 Achegamento ao seu contido. 4.2 Boas Prácticas
5. Animación e Xestión Sociocultural	5.1 Espazos, recursos e programas a nivel local 5.2 Os municipios como marco administrativo e de acción: organigramas e áreas de acción 5.3 Cidadanía e Participación Social 5.4 O patrimonio cultural como motor de desenvolvemento local

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A6 A15	33	4	37
Análise de fontes documentais	A10	3	18	21
Aprendizaxe colaborativa	A11 A20 B1	12	22	34
Discusión dirixida	B6	2	12	14
Lecturas	C4	2	20	22
Proba mixta	A9 B2	2	12	14
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral entendémola desde a implicación do alumnado, partindo a miúdo os temas das experiencias propias (acceso á cultura, hábitos de lecer, os equipamentos de proximidade que frecuenta, pertenza á entidades cívicas, conciencia sobre asuntos sociais, etc).
Análise de fontes documentais	Supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente ou simplemente como elemento motivador, mesmo provocador.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Así, faremos prácticas como: deseño dunhas xornadas, solicitude dunha subvención pública e outras.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador. Aquí, o profesor, valorará en gran medida, mesmo para a cualificación final, a cantidade e calidade da participación do alumnado.



Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados. Entrégase a principio de cuadrimestre un dossier ao alumnado para, dous meses despois, realizar un libro-forum na clase.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	A cantidade e calidade das achegas (en forma de preguntas, comentarios, apreciacións...) do alumnado son moi tidas en conta polo profesor. A actitude é fundamental nesta materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B6	Enténdese a cantidade (asiduidade) e calidade da participación (implicación no desenvolvemento das clases) do alumnado	40
Proba mixta	A9 B2	Constará dun exame sen material respostando aos contidos vinculados á materia. Será un exame con dúas ou tres preguntas, unha delas a desenvolver e as outras de carácter máis conciso e breve	60

Observacións avaliación

As persoas que non cumpran un mínimo dun 80% das sesións de clase, de querer superar a materia deberán:

- Ler comprensivamente o dossier do alumnado
- Realizar e aprobar un exame final escrito
- Analizar unha experiencia de animación ou xestión sociocultural ou un traballo que acorden mutuamente co profesor.

Todos os traballo e o seu xeito de presentalos, deberán ser consensuados co profesor (soporte, prazos...). A nota principal será sempre o exame, mais a presenza e implicación na clase, será moi tida en conta polo profesor.

O alumnado que, tendo recoñecida a súa condición de estudante a tempo parcial, solicitará no Decanato a dispensa académica e abordará dita situación personal co profesor nunha titoría concertada.

Con carácter VOLUNTARIO, a materia oferta unha experiencia de APRENDIZAXE POR SERVIZO ou VOLUNTARIADO SOCIOCULTURAL. Será por un número limitado de prazas para aquel alumnado que así o solicite libremente. Os destinos serán o Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa e varias librarías da cidade. O alumnado comprométese a acudir preferentemente fóra do horario de clases do Grao a ditos equipamentos ou servizos para aprender o que alí desenvolven, realizar prácticas e mesmo desenvolver servizos que o citado destino non oferta. Como resultado desta estadía do 1 de febreiro ao 30 de abril, o alumnado será avaliado en base a un informe do titor/a, unha memoria, participación na clase e proba mixta.

Os criterios de avaliación da proba mixta serán:

- Respostar ao que se pregunta.
- Expresarse correctamente sen faltas de ortografía
- Acompañar o argumentario da resposta con citas bibliográficas

Fontes de información



Bibliografía básica

- ALBERICH, T. (1994): "Experiencias positivas de participación ciudadana en municipios españoles". En HERRERA, F. (ed.): Izquierda europea y poder local. Alfa-Delta, Madrid, pp. 157-173.
- ALDANONDO, P. e ESCUDERO, J. (2002): La política cultural en el municipio. Fund. Autor, Madrid.
- ANDER-EGG, E. (1989). La animación y los animadores. Narcea, Madrid.
- ANDERSEN, L. e OAKLEY, K. (eds) (2008): Making meaning, making money. Cambridge scholars, Newcastle.
- ASENSIO, M. e POL, E. (2002): Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad. Aique, Buenos Aires.
- AYTO. BARCELONA (1992): La ciudad educadora. Barcelona.
- BARBA, M; MORÁN, C. e CRUZ, L. (2017). Animación Sociocultural en prisión. Popular, Madrid.
- BESNARD, P. (1991): La animación sociocultural. Paidós, Barcelona.
- BONET, L. e outros (2000): Gestión de proyectos culturales. Ariel, Barcelona.
- BOUZADA, X. (coord.) (1999): O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Galaxia, Vigo.
- BOUZADA, X. (coord.) (2000): Cultura e concellos: as estratexias da promoción cultural no ámbito local. Consello da Cultura Galega, Santiago.
- BOUZADA, X. (coord.) (2004): Cultura e Participación. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- CABALLO, B. e outros (1997): 131 conceptos clave en Educación Social. Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.
- CABALLO, M^a B. (2001): Los educadores sociales en la animación sociocultural. Pedagogía Social, nº 8. pp. 199-207.
- CABALLO, M^a. B. e FRAGUELA, R. (coords.) (2005): A acción municipal no tempo libre. Deputación da Coruña, A Coruña.
- CALVO, A. (2002): La animación sociocultural. Una estrategia educativa para la participación. Alianza editorial, Madrid.
- CALAF, R. (coord.) (2003): Arte para todos. Miradas para enseñar y aprender el patrimonio. Trea. Xixón.
- CAMARERO, C. e GARRIDO, M^a J. (2004): Marketing del patrimonio cultural. Pirámide, Madrid.
- CARBÓ, G. (2016): L'assignatura pendent. Converses sobre educació, cultura i política. Papers amb accent, Girona.
- CARIDE, J. A. e TRILLO, F. (coords) (2011): Diccionario galego de Pedagogía. Galaxia, Vigo.
- CARIDE, J. A. (coord.) (2000): Educación Social y Políticas Culturales. Facultad de Ciencias da Educación, Santiago de Compostela.
- CEMBRANOS, F. e outros (1988): La A. Sociocultural: una propuesta metodológica. Popular, Madrid.
- COLBERT, F. e CUADRADO, M. (2003): Marketing de las Artes y la Cultura. Ariel Patrimonio, Madrid.
- COLOM, A. (1987): Modelos de Intervención Socioeducativa. Narcea, Madrid.
- CUADRADO, M. e BERENGUER, G. (2002): El consumo de servicios culturales. ESIC, Madrid.
- DIAZ, A. (1992): Gestión sociocultural. La eficacia social. Comunidad de Madrid.
- ESCUDERO, J. (2004): Análisis de la realidad local. Técnicas y métodos de investigación desde la animación sociocultural. Narcea. Madrid.
- FEMP (2002): La política cultural en el municipio. SGAE, FEMP. Madrid.
- FERNANDEZ, B. e LORENTE, J. (edit) (2009): Arte en el espacio público: barrios artísticos y revitalización urbana. Prensas Universitarias de Zaragoza, Zaragoza.
- FERNANDEZ, E. (1991): La política cultural. Trea, Xixón.
- FONTAL, O. (2003): La educación patrimonial. Trea, Xixón.
- FRANCH, J. e MARTINELL, A. (1994): Animar un proyecto de educación social. Paidós. Madrid.
- FROUFE, S. e SÁNCHEZ, M. A. (1990): Animación sociocultural. Nuevos enfoques. Amarú. Salamanca.
- GUTIÉRREZ RUEDA, L. (2001): Métodos para la Animación Sociocultural. CCS, Madrid. <http://www.agenda21cultura.net>
- IBAR, M. e outros (1992): Como organizar y gestionar una entidad de ASC. Narcea. Madrid.
- JIMÉNEZ, E. (2010): Cómo enseñar un museo. IVAM, Valencia.
- LIPOVETSKY, G. e SERROY, J. (2010): La cultura-mundo. Respuesta a una sociedad desorientada. Anagrama, Barcelona.
- LÓPEZ DE AGUILETA, I. (2000): Cultura y Ciudad. Trea. Xixón.
- LÓPEZ DE CEBALLOS, P. (1991): Formación de animadores y dinámicas de animación. Popular, Madrid.
- MARTIN, M.T. (coord.) (2000): Planificación y diseño de proyectos de ASC. Sanz y Torres. Madrid.
- MERINO, J. V. (1997): Programas de Animación Sociocultural. Narcea. Madrid.
- MORALES, M^a I.; ROBLES, S.; PIRES, N. (2016). Lecturas del agua. Catarata, Madrid.
- PASCUAL, J. e DRAGOJEVIC, S. (2007): Guía para la participación ciudadana en el desarrollo de políticas culturales para ciudades europeas. Fund. Interarts, Barcelona.
- PASTOR, M^a I. (2004): Pedagogía museística. Ariel Patrimonio, Madrid.
- PATTE, G. (1988): ¡Dejadles leer! Los niños y las bibliotecas. Pirene, Barcelona.
- PÉREZ, M. P. (1994): Como determinar las necesidades de intervención socioeducativa. Narcea, Madrid.
- PEREZ SERRANO, G. (1993): Elaboración de proyectos sociales. Casos prácticos. Narcea. Madrid.
- PETRUS, A. (coord.) (1997): Pedagogía Social. Ariel. Madrid.
- POSE, H. e PORTO, L. (2010): SCD Malpica, 40 anos de fútbol. SCD Malpica, Malpica.
- POSE, H. e PORTO, L. (2014). Mar de paixón. O fútbol na Costa da Morte. Edición de autor.
- POSE, H. (2006): La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social. Grao, Barcelona.
- POSE, H. (2003): ¿Creatividade e cidadanía: binomio fantástico?. *interea visual* nº 1, pp. 34-36.
- QUINTANA, J. M^a. (1985): Fundamentos de ASC. Narcea, Madrid.
- QUINTANA, J. M^a (1993): Los ámbitos profesionales de la Animación. Narcea, Madrid.
- RESOHAZY, R. (1988): El desarrollo comunitario. Narcea, Madrid.
- REYES, J.; CASTRO, E.; NOGUERA, P. (2017). La vida como centro: arte y educación ambiental. Editorial Universitaria, México.
- REVISTA DE EDUCACIÓN (2005): Sociedad lectora y



educación. MEC, Madrid. REVISTA GRIAL (1996): Os dilemas da acción cultural. nº 130. Galaxia. Vigo. REVISTA INTEREA VISUAL: Deputación da Coruña, A Coruña. RIUS-ULLDEMOLINS, J. e outro (2016). Treinta años de políticas culturales en España. PUV: Universitat de Valencia. ROSELLÓ, D. (2004): Diseño y evaluación de proyectos culturales. Ariel, Barcelona. SANTCOVSKY, H. (1995): Los actores de la cultura. Hacer, Barcelona. SANTILLÁN, R.; ARIEL, H. (comp.) (2004): El gestor cultural: ideas y experiencias para su capacitación. Ediciones CICCUS, Buenos Aires. SEGOVIA, CH. e outros (2015). Espacios para la innovación, la creatividad y la cultura. PUV, Universitat de Valencia: Valencia. SOLER, P. (1995): La animación sociocultural como metodología y sector profesional del educador social. Claves de Educación Social. Nº 1. Pp. 28-31. SUBIRATS, J. (Editor) (1999): ¿Existe sociedad civil en España? Fund. Encuentro, Madrid. TEJERINA, I. (1994): Dramatización y teatro infantil. SXXI, Madrid. TONUCCI, F. (2012). Peligro, niños: Apuntes de educación 1994-2007. Graó, Barcelona. TONUCCI, F. (2016). A cidade dos nenos. Kalandraca, Vigo. TRILLA, J. (1993): Otras educaciones. Animación Sociocultural, formación de adultos y ciudad educativa. Anthropos, Madrid. TRILLA, J. (coord) (1997). Animación Sociocultural. Teorías, programas y ámbitos. Ariel, Barcelona. UCAR, X. (1992): La animación sociocultural. CEAC, Barcelona. UCAR, X. (1992): El teatro en la animación sociocultural. Diagrama, Madrid. ÚCAR, X.; LLENA, A. (coords.) (2006): Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria. Graó, Barcelona. ÚCAR, X. (2016). Relaciones socioeducativas: la acción de los profesionales. UOC, Barcelona. ÚCAR, X. (2016). Pedagogías de lo social. UOC, Barcelona. VV. AA. (2001): Cultura, Desarrollo y territorio. Xabide. Vitoria-Gasteiz. VV. AA. (2011): Reflexión estratéxica sobre a cultura galega. Consello de Cultura Galega, Santiago. VENTOSA, V. (1992): Evaluación de la animación sociocultural. Popular, Madrid.----- (1996): La expresión dramática como medio de animación en educación social. Amarú, Salamanca.----- (1998): Manual del monitor de tiempo libre. CCS. Madrid. VICHE, M. (1989): Intervención sociocultural. Dissabte, Valencia. VIEITES, M. (1999): Do novo teatro á nova dramaturxia. Vigo, Xerais. VIEITES, M. (coord.) (2000): Animación teatral. Teorías, materiais, experiencias. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela. YUBERO, S.; CARIDE, J. A.; LARRAÑAGA, E. e POSE, H. (2016). Educación Social y Alfabetización Lectora. Síntesis, Madrid.



Bibliografía complementaria	Recomendamos acceder e dispor de toda unha serie de Leis sectoriais que atinxen aos concellos e aos seu quefacer cultural: - Lei Reguladora de Bases de Réxime Local- Lei de Bibliotecas de Galicia- Lei de Patrimonio- Lei de Asociacionismo-etc.
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre/652G03030

Administración local e acción cultural e educativa/652G03040

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías